



O BNG REAFIRMA O SEU COMPROMISO COA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA FRONTE AO MODELO DE SOGAMA

Deputados e representantes municipais do BNG dos concellos que forman parte da Mancomunidade Serra do Barbanza manifestan o seu apoio aos traballadores e traballadoras do Complexo Medioambiental de Lousame.

Ames, 16 de setembro de 2021

O BNG súmase ás reivindicacións das centrais sindicais e do colectivo de traballadores e traballadoras da Mancomunidade Serra do Barbanza, que reclaman **garantir a continuidade do cadro de persoal**, máis de 150 traballadores/as, do Complexo Medioambiental de Lousame a partir do ano 2023, período no que remata a actual concesión de FCC.

Os/as representantes municipais do BNG dos concellos de Ames, Brión, Lousame, Rois, Noia, Porto do Son, Muros, Carnota e Pontecesures, xunto cos Deputados do Parlamento galego Rosana Pérez e Xosé Luís Bará, mantiveron unha xuntanza na Casa da Cultura do Milladoiro (Ames) para analizar a situación na que se atopa a Mancomunidade Serra do Barbanza e solicitar a **convocatoria dunha asemblea da entidade supramunicipal**.

A Mancomunidade debe dotarse dun novo **órgano de xestión permanente**, que escoite a todos os concellos e atenda as necesidades de funcionamento da planta de Lousame. O actual modelo de rotación da presidencia e secretaría da entidade entre concellos non é operativo, polo que resulta fundamental a **redacción dun novo convenio e licitar o servizo** antes de finalizar a actual concesión administrativa no ano 2023.

SOGAMA non é a solución.

Para os representantes do BNG nos concellos da Mancomunidade Serra do Barbanza, a planta de Lousame supón unha alternativa ao modelo de incineración de SOGAMA, cunha aposta polo **emprego e o tratamento de proximidade, a compostaxe e a descentralización no tratamento do lixo**.

Neste senso, **solicítase a colaboración institucional da Xunta de Galiza** a través do grupo Parlamentar do BNG.